# ADIANTE !!

Nº 36 -2024



XORNAL

C.R.A .DE NARON

# OS GRUPOS DO CRA



Sedes



4º E. I. O Val



5º E. I. O Val



6º E. I. O Val



1º E. P. O Val



2º E. P. O Val

# ÍNDICE

Editorial

1. Como coidar o mar ..........................................Escola de Sedes
2. Ciclo da auga....................................................Escola de Sedes
3. Curiosidades da flora e fauna do mar.........................1º Ed.Primaria
4. Peixaría do CRA ................................................E.I. O Val
5. Entrevista a Yoli Rodríguez....................................6ºE.I.  Domirón
6. Vacacións no mar ............................................... 3º Ed.Primaria
7. A voz da escola ................................................3º Ed. Primaria
8. Biografía de Luisa Villalta....................................4º Ed. Primaria
9. Receitas do mar ................................................2º Ed. Primaria
10. Pasatempos......................................................4º e 5º E.I Domirón

# EDITORIAL

E pinga a pinga enchemos océanos de sabedoría, diversión e experiencias, do que damos boa conta neste novo número do xornal escolar ADIANTE.

A modo de caderno de bitácora, recollemos entre estas páxinas unha mostra do traballado ao longo do curso escolar cuio eixo vertebrador foi o Proxecto de Centro " Mar Aberto".

Para coñecer ben os nosos mares, temos que saber de onde proveñen, como ben nos explican os nenos e nenas do noso CRA co Ciclo da auga e Como coidar o mar.

Agora si, estamos en condicións de mergullarnos nas Curiosidades da flora e fauna do mar, saírmos á superficie cargadiños dos peixes que se venderán na Peixaría do CRA e surfeamos as ondas máis altas na Entrevista a Yoli Rodríguez.

Despois de tanto traballo toca decansar cunhas boas Vacacións no mar, tomando o sol en cuberta mentras facemos uns entretidos Pasatempos.

Só agradamos non sair nas noticias curiosas do CRA!!!

E de tanto navegar entrounos a fame, asi que axiña faremos unhas Receitas de mar que degustaremos lendo a Biografía de Luísa Villalta.

Agardamos gocedes con este traballo tanto coma nós e pedímosvos un último favor neste curso, que neste verán coidedes e respectedes moito a nosa contorna, mares, praias e montes recollendo o lixo e protexendo a natureza para que podamos facer máis proxectos coma este durante moitos anos. E, por suposto, Tamén en Galego!

**Equipa de Dinamización da Lingua Galega do CRA de Narón**

# COMO COIDAMOS OS MARES

recollemos o  lixo cando imos á  praia

usar pouca  auga e pechar a  billa

usar poucos  plásticos e 

coidar o  planeta e o  medio ambiente

*Os nenos e nenas da Escola de Sedes*

Adiante

# o ciclo da auga



1 o sol evapora a auga





2 a auga convirtese en nube





3 cando a nube ten moita auga. chove. graniza. ou neva







4 a auga chega ao mar polo rio ou por augas subterraneas



**OS NENOS E NENAS DA ESCOLA DE SEDES**

Adiante

# CURIOSIDADES SOBRE A FLORA E FAUNA DO MAR

#PRIMEIRO DE PRIMARIA



ALGA: NORI

É unha das máis consumidas. Empréganse para facer sushi.



ALGA: ESPAGUETI

Asemella un espagueti por iso recibe este nome



LINGUADO

É capaz de cambiar de cor para camuflarse.



ALGA: WAKAME

Ten 11 veces máis calcio que o leite.



COBRA MARIÑA

Ten un dos velenos máis potentes do mundo.



LURA

Teñen moitos brazos e varios corazons.



PLANTA: ZOSTERA

Esta planta é considerada o novo cereal mariño.



CABALIÑO DE MAR

Non teñen estómago e son os machos os que teñen as crías.

curso 23/24



ALGA: LAMINARIA

Poden chegar a vivir ata 10 anos.



NÉCORA

Ten pinzas, muda a súa cuncha ata 11 veces.



SARDIÑA

Móvense en grupo para evitar o ataque dos depredadores.



ESTRELA DE MAR

Poden rexenerar os brazos que perden



SALMÓN

Son capaces de saltar obstáculos de ata 3 metros.



BALEA AZUL

É o animal máis grande que vive na Terra.



TARTARUGA MARIÑA

Volven á praia que naceron para poñer os seus ovos.



POLBO

Na súa cabeza teñen 3 corazóns e soamente se reproducen unha vez.



MORENA

O seu sangue é moi tóxico, pero a súa carne é moi saborosa

Adiante

# PEIXERÍA DO CRA

OFERTONS

NON AS DEIXES ESCAPAR



Nº1 EN PREZOS SEGUN OS CONSUMIDORES

8'95 € KILO



NABALLAS

9'90 KILO



CALAMAR

2 EUROS UNIDADE



ZANBURIÑA


**TELÉFONO**

696. 92. 01. 24

**PARA MÁIS INFORMACIÓN**

www.cranaron.com

# OS PEIXES E MARISCOS DO VAL O MELLOR PREZO

12€ KILO



MEIGA

10'95 KILO



17'9 1 KILO



AMEIXA

3'99€ KILO



SARDIÑAS

8'99 KILO



MARRAXO

9,99 KILO



ZANBURIÑA

Adiante


20 € UNIDADE
CENTOLO
POLBO
18€ KILO
12€ KILO
BONITO
8EUAC. KILO
NECORA
138 KILO
MEXILLÓN
3E O KILO
CHOCO

curso 23/24

# O MAR NO TEU FOGAR






***ofertas do 1 de xuño ó 21 de xuño***

podes facer a túa compra online visita a nosa web
www.cranaron.com

# PEIXERÍA DO VAL

VEN DEPRESA
A POLO MEXILLÓN
DA PENA LOPESA



HOXE O PEIXE SAPO
ESTÁ DE OFERTA



NESTA TEMPADA
A NÉCORA DO NORTE
ESTÁ DE MORTE



A SARDIÑA
DE S. XOAN
MOLLA O PAN



Adiante

# ENTREVISTAMOS A:

# YOLI RODRÍGUEZ

(campioa de España de surf)



DONDE NACICHE?

NACÍN EN FERROL

CANTOS ANOS TES?

TEÑO 26 ANOS

CANDO EMPEZACHE A FACER SURF?

EMPECEI A SURFEAR CANDO TIÑA 8 ANOS.

CANDO EMPESACHE A COMPETIR?

CANDO TIÑA 10 ANOS EMPECEI A COMPETIR AQUÍ E NOUTROS PAISES

EN QUE PRAIAS FAS SURF?

FAGO SURF EN TODAS AS PRAIAS DE POR AQUÍ, EN DONIÑOS, EN VALDOVIÑO. O BON DE FERROL É QUE TEN UNHA COSTA MOI GRANDE E HAI BOAS ONDAS EN TODAS AS PRAIAS, É MOI AXEITADO PARA SURFEAR

COMO TE AGUANTAS NA TABOA CANDO VEN UNHA OLA?

MANTÉÑOME GRAZAS AO EQUILIBRIO, ADEMÁIS DE FACER SURF HAI QUE ENTRENAR MOITO

COMO SON OS TEUS ENTRENOS?

OS ENTRENOS SON CORRER, IR AO XIMNASIO, MOITO EQUILIBRIO, COMER COMIDA SAUDÁBEL, PRACTICAR MOITO NA PISCINA, ETC

GANACHE ALGÚN CONCURSO?

SI, EMPECEI GAÑANDO CAMPIONATOS GALEGOS LOGO A FACER CAMPIONATOS POLO MUNDO: HAWAI, AUSTRALIA E XA NO 2016 QUEDEI CAMPIOA DE ESPAÑA E DE 10ª NOS CAMPIONATOS DE EUROPA.

PARA QUE ZON AZ ALETAZ QUE TEN A TABOA POR DEBAIXO?

AS ALETAS QUE TEÑEN AS TÁBOAS POR DEBAIXO SON QUILLAS E SON MOI IMPORTANTES PORQUE AXUDAN A DESLIZARSE POLA ONDA. SEN AS QUILLAS A TÁBOA ESVARARÍA MOITO.

SABES FACER VOLTERETAS COA TABOA?

SÍ ,FACER VIRAVOLTAS COA TÁBOA CHÁMASE FACER MANOBRAS E HAI VARIOS TIPOS DE MANOBRAS QUE TEÑEN DIFERENTES NOMES: CUT BACK, REENTRY, ETC

MÉTESTE DENTRO DUNHA OLA?

SI, METERSE DENTRO DUNHA ONDA CHÁMASE FACER UN TUBO, É COMO SE FORAS FACENDO UNHA CABANA COA AUGA E TI VASTE METENDO DENTRO DELA, É UNHA SENSACIÓN MOI GUAI E DIVERTIDO.

PODERIAS LEVARNOS NA TÚA TABOA?

SI, PODEMOS IR NUNHA TÁBOA GRANDE QUE SE CHAMA TABLÓN E É MOI DIVERTIDO.

HAI TABOAS PARA MAIORES E NENOS?

SI, HAI TÁBOAS MÁIS PEQUENAS E MÁIS GRANDES PERO CANDO EMPEZAS, EMPÉZASE CUNHA TÁBOA GRANDE PARA MANTER MELLOR O EQUILIBRIO E SEGUNDO VAS APRENDENDO XA SE PODE SURFEAR CUNHA TÁBOA MÁIS PEQUENA.

PODES VIAXAR COA TABOA?

SI, PÓDESE VIAXAR COA TÁBOA A TODAS PARTES, MÉTESE NUNHA FUNDA GRANDE COMO SE FOSE UNHA MALETA XIGANTE E PÓDESE LEVAR A TODOS OS PAISES.

PODESE FACER SURF CUN PAIPO?

O PAIPO É OUTRA DISCIPLINA QUE SE CHAMA BODYBOARD E É MOI DIFERENTE. FAISE CUNHAS ALETAS E VAISE NORMALMENTE DEITADO.

## TES FRIO NO INVERNO?

SI, VAI FRIO, AQUÍ EN GALICIA A AUGA ESTÁ MOI FRIA E É MOI IMPORTANTE IR BEN ABRIGADO, HAI QUE MERCAR UN BO NEOPRENO BASTANTE GORDO, TAMÉN SE PODEN LEVAR ESCARPINES, LUVAS E INCLUSO CAPUCHAS DE NEOPRENO.

SE REALMENTE VOS GUSTA O DEPORTE NON HAI NADA QUE VOS DETEÑA E ANÍMOVOS A QUE PROBEDES A FACER SURF ALGÚN DÍA, PODEDES EMPEZAR ESTE VERÁN.

**ESPERO VERVOS MOI AXIÑA NA AUGA!!!**

**Esta entrevista foi realizada polos nenos e nenas da Escola de Domirón da aula de 5 anos dentro do proxecto "Mar aberto" cando traballamos as actividades do mar.**
**Así vemos nós a Yoli Rodríguez:**



# VACACIÓNS NO MAR

Somos moi afortunados porque vivimos nunha zona de costa. Podemos disfrutar do sol, praias, area, auga e natureza. Por iso como chega o verán as nenas e nenos de 3º queremos facer unhas recomendacións de actividades que podedes facer nas vacacións, se estás nunha zona onde hai mar. Esperamos que vos gusten.




Deslizarte sobre as ondas e sentir a forza do mar



Encher o ceo de cometas de cores



Facer deporte na praia xogando ás palas sempre é moi divertido, con amigos ou coa túa familia.



O snorkel é unha actividade de aventura cun tubo, unhas gafas de buceo e unhas aletas, poderás ver a flora e a fauna mariña.



Dar largos paseos polas nosas costas coñecendo a flora e a fauna que nos rodea.



Podedes practicar pesca de recreo.

Podedes remar ata lugares moi lonxes do océano.





Ser os reis e raíñas dos castelos de area.



Dar paseos pola orilla do mar é buscar precio-sas cunchas.

Ver unhas maravi-llosas postas de sol



E se colaboramos co medio ambiente, reco-llendo o lixo do noso arredor.

Tamén podedes practicar natación, pero coidado coas correntes mariñas.

3/3/2024

# El arresto de una profesora.




O policía xa arrestou a mestra

A mestra decidiu ir a cooperativa do Val, a mercar patacas. Ao chegar a caixa non pagou e foise correndo pola porta. A caixeira chamou a policía. Os nenos e nenas de 3º de primaria estaban estudando e apareceu pola porta o policía para deter a mestra. Quedaron sorprendidos!

A voz da escola.
6/6/2024

# 3º E 4º De primaria gañaron Intercentros



Despois dunha gran actuacion 3º e 4º de primaria gañan Intercentros. No patio despois de volver do pazo a súa mestra informoulles que gañaran e puxeronse moi contentos, saltaron, abrazaronse de alegria, sabendo ao seu esforzo merecera a pena.

# As nenas e nenos do CRA limpan a praia da Frouxeira.



Recollemos o lixo da praia.

O 11 de outubro do 2023 os nenos e nenas do C.R.A. de Narón foron a limpar a praia da Frouxeira en Valdoviño. Puxeronse luvas e foron recollendo todo o lixo que atoparon.

Ao chegar ás escolas fixeron bonitos mandalas cos residuos que recolleron.

Ese día aprenderon que é importante coidar o medio ambiente.

18/6/24

# Amplían o colexio do VAL a 6º



Os obreiros xa comenzan as obras

Este colexio pelexou para que os nenos e nenas non se foran ao Feal e puideran estudar 5º e 6º nesta escola.

Os nenos e nenas non querían marchar, porque é moi divertido estar na Val. Porque as mestras son boas e son todos moi amigos.

Cando as mestras anunciaron a noticia, os nenos puxéronse a saltar moi contentos.

# LUISA VILLALTA



Luísa Villalta Gómez naceu na Coruña, na rúa Vila de Laxe, o 15 xullo de 1957.

De pequena estudou na súa cidade natal, primaria no colexio das Xosefinas. E o bacharelato no instituto Eusebio da Guarda.



Na Universidade de Santiago de Compostela licenciouse en Filoloxía Hispánica, Subsección de Galego-Portugués.

Aprobou as oposicións para profesora de Segundaria e impartiu clases de galego en institutos coruñeses.



Participou activamente en entidades que defendían o noso idioma.

Tamén foi unha grande intérprete de violín e formou parte dunha orquestra de Santiago de Compostela e da Xove Orquestra de Galicia.

O seu primeiro libro foi unha obra de teatro




Concerto para un home só, ao que seguiron unha chea máis de libros de poesía, narrativa, teatro, ensaio...

Foi colaborada en moitas publicacións e xornais galegos: A Nosa Terra, Man Común, Grial, Luces de Galicia... O libro das columnas recolle os seus artigos publicados no xornal A Nosa Terra.

Faleceo na Coruña o 6 de marzo de 2004, á idade de 46 anos.



# RECEITAS DO MAR

2º Primaria

**TÍTULO:** Bocaditos de atún e pataca

**Tempo de elaboración:** 1 hora

**Ingredientes:**

- 500 gr de patacas.
- 2 latas de atún.
- 1 ovo
- Pan raiado



**Preparación:**

1 Tritura as patacas xa cocidas ata preparar un puré. Mesturaas co atún e deixa enfriar ata que sexa firme

2 Despois, corta os bocaditos dándolles a forma que queiras, pásaas polo ovo batido e rebózaas.

Agora xa só queda disfrutar dos teus bocaditos en familia!

Elaborado por: Izan, Zeltia, Bruno, Gala e Anthony.

curso 23/24

# RECEITAS DO MAR

2º Primaria

TÍTULO: Un mar moi doce

Tempo de elaboración: 20 minutos

Ingredientes:

- 1 Amorodo
- 1 Kiwi
- 2 Uvas
- 1 Cenoria
- 8-10 arándanos
- Un puñadiño de arais



Preparación:

1. Lava toda a froita
2. Corta a froita dándolle a forma desexada ou utiliza un cortador de formas.
3. Decora o teu plato ao gusto e Bo proveito!

Elaborado por: Noa A, Carmen, Leo L e Noa C.

Adiante

# RECEITAS DO MAR

2º Primaria

**TÍTULO:** Peixes doces

**Tempo de elaboración:** 2 horas



## Ingredientes:

- ★ 350 gr de fariña
- ★ 50 gr de maicena
- ★ 150 gr de azucre
- ★ 170 gr de manteiga
- ★ 1 ovo
- ★ 1 pelliszco
- ★ Colorante amarelo y laranxa

## Preparación:

1 Bater o azucre coa manteiga a temperatura ambiente, añadir o ovo e seguir batendo, despois a fariña coa maicena e o sal. Amasar ata que se forme unha bola.

2 Poñer unha pizca de colorante e amasar ata que a cor quede uniforme e meter na neveira

3: Extender a masa co rodillo ata obter medio cm de grosor e cortar cun cortapastas

**Elaborado por:** Gonzalo, Vitalii, Noa T e Valeria.

curso 23/24

# RECEITAS DO MAR

2º Primaria

TÍTULO: Un mar de pasta

Tempo de elaboración: 15 minutos

Ingredientes:

- ★ Pasta rizada
- ★ Colorante alimentario
- ★ Cenoria
- ★ Queixo tipo Babybel
- ★
- ★
- ★



Preparación:

1 Pona ferver auga nun cazo. Cando esté fervendo botamos a pasta e deixámola cocer 7 minutos e escorremos a auga.

2. Cortamos a cenoria dándolle forma de esteliña de mar. Collemos o queso e dámoslle forma de peixe.

Vaste poñer as botas!!!!

Elaborado por: Alejandro, Gorka e Cata.

Adiante

# PASATEMPOS

## PALABRAS OCULTAS









curso 23/24

# SOPA DE LETRAS








| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| N | M | A | N | A | T | I | G |
| O | U | I | T | U | M | S | O |
| L | R | G | P | N | L | A | L |
| L | Z | E | O | Q | E | P | F |
| I | A | O | L | S | X | R | I |
| T | I | R | B | N | Q | E | Ñ |
| E | M | F | P | O | E | A | O |
| M | Z | U | L | T | P | M | L |

QUENLLA PEIXE POLBO

GOLFIÑO MANATÍ MEXILLÓN

# LABIRINTO


SURFISTA


CASCO


KAYAK POLO


MÁSCARA


MERGULLADORA


TÁBOA DE SURF



Adiante

# BUSCA O INTRUSO




# ATOPA AS 5 DIFERENZAS





# ADIVIÑAS

PICA PICAPICA E È TRANSPARENTE
É MOI PERIGOSA CANDO ESTA CERCA DA XENTE

TEN UNA CUNCHIÑA
DE FORMA REDONDEADA
ÁS VECES CON ALGO DENTRO
ÁS VECES ABANDONADA

CABEZA INTELIXENTE DE FORMA REDONDIÑA
CUNS TENTÁCULOS E MOITAS VENTOSIÑAS

É UNA PELOTA
CHEA DE PINCHIÑOS
PARECE UNA CASTAÑA
PERO É ANIMAL MARIÑO

| | | | |
|---|---|---|---|
| MEDUSA | CARACOLA | POLBO | OURIZO |



## A MELLOR DIVERSIÓN, LER UN MONTÓN



Bufiña e a Equipa de Biblioteca do CRA recomendamos que leades moito neste verán. Aquí van unhas ideas por orde de dificultade de Infantil a Primaria.

## Para ler en compañía

1




**Un grilo moi silencioso. Ed. KALANDRAKA**

Por moito que o intenta o pequeno grilo non pode cantar, será alguén quen de axudarlle?

**O conto do outro día. Ed. KALANDRAKA**

Ese momento máxico que nos trae o conto antes de durmir.




2

## Xa comezamos a ler

3




**Miñoca (cómic/maiúsculas). Ed. XERAIS**

Coello coñece a Miñoca. Pero, que fan as miñocas?

**Sete dentes de León. Ed. KALANDRAKA**

Nun mundo gris, a vella Iris, enche o mundo de cores, unha por cada dente de león.




4

## Lemos libros a moreas

5




**Mariña e o balón. Ed. XERAIS**

Mariña é unha namorada do fútbol e da poesía. Escribe poemas acotío, pero aínda non se decidiu a anotarse nun equipo de fútbol.

**Ícaras. Ed. GALAXIA**

Lía garda un segredo, a súa nai fíxolle unhas ás con plumas de cores, pero non lle ensinou a voar.




6



3º E. P. O Val




4º E. P. O Val



4º E. I. Domirón



5º E. I. Domirón



6º E. I. Domirón

# LUISA VILLALTA



## LETRAS GALEGAS 2024

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Subvencionado pola Drección Xeral de Política Lingüística